

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 24 de outubro de 2025, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 19 de setembro de 2025.

2.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS, DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA A RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO MARÍTIMO-FLUVIAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2025 (EXPTE. 2024083219)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro, para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra para o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 190, de 6 de outubro de 2025. O obxecto destas bases é aprobar a convocatoria pola que se rexerán a concesión, o seguimento e a xustificación de subvencións destinadas á recuperación e á posta en valor dos bens que integran o patrimonio marítimo-fluvial na provincia para o seu uso en actividades de promoción sociocultural. As entidades solicitantes deberán seleccionar unha das seguintes liñas de actuación: liña 1: embarcacións tradicionais, liña 2: aparellos de pesca e demais elementos vinculados á cultura marítimo-fluvial e liña 3: construcións e instalacións en terra.

Estas subvencións convócanse con cargo ás aplicacións orzamentarias 25/332.3322.789.01 por un importe total de noventa mil euros (90.000,00 €). O importe máximo da subvención para cada actuación non poderá exceder o 80% do seu orzamento nin superar o importe de dez mil euros (10.000 €). No caso de que os proxectos financiados non esgoten a partida orzamentaria, poderá superarse este límite, baixo os criterios de proporcionalidade e respectando a concorrência competitiva, así como a valoración técnica do proxecto. O prazo de presentación



de solicitudes foi de 15 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria e do seu extracto no BOPPO e na BDNS.

3.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA A PARTICIPACIÓN NA 2.ª CONVOCATORIA DE RESIDENCIAS ARTÍSTICAS NOVOS VALORES DO MUSEO DE PONTEVEDRA EN COLABORACIÓN CON MADRID DESTINO CULTURA TURISMO Y NEGOCIO, S. A., E A FONDATION WALTER & NICOLE LEBLANC (Expte. 2025062371)

O presidente dá conta das bases que regulan a 2.ª convocatoria de Residencias artísticas Novos Valores do Museo de Pontevedra en colaboración con Madrid Destino Cultura Turismo y Negocio, S.A., e a Fondation Walter & Nicole Leblanc, publicadas no BOPPO núm. 190, de 6 de outubro de 2025 e mediante as cales se seleccionarán dous artistas que se beneficiarán dunha axuda, en réxime de concorrencia competitiva e a través do Museo, para a creación artística contemporánea en vivo. O programa levarase a cabo en Bruxelas coa Fondation Walter & Nicole Leblanc e no Centro de Creación Contemporánea Matadero de Madrid, durante o ano 2026.

Poderán concorrer a esta convocatoria persoas físicas que sexan comisarias, artistas creadoras ou investigadoras de proxectos artísticos, residentes ou nadas na provincia de Pontevedra que teñan, como mínimo, 18 anos. Deberán presentar un proxecto artístico de creación específico, orixinal e inédito, de calquera modalidade de pintura, escultura, debuxo, deseño, gravado, fotografía, cerámica ou vídeo, entre outros, e que sexa susceptible de ser considerado novos valores. As persoas seleccionadas recibirán unha bolsa económica de nove mil cincocentos euros (9.500,00 €) para o desenvolvemento do proxecto nos lugares de destino, así como para os seus gastos de transporte e manutención.

A contía asignada para as axudas desta convocatoria de residencias artísticas ascende a dezanove mil euros (19.000,00 €), con cargo á aplicación 26/333.3330.481.02 do Orzamento provincial. Os custos derivados dos gastos de transporte e seguro das obras estimados en cinco mil cincocentos euros (5.500,00 €) realizarase con cargo á aplicación 26/333.3340.223.00 do Orzamento provincial de 2026. O praza de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles contados dende o día seguinte á data da publicación das bases na BDNS e do extracto no BOPPO.

4.- DAR CONTA DA ORGANIZACIÓN DO IV ENCONTRO DE MUSEOLOXÍA DE ICOM-ESPAÑA, CELEBRADO DO 16 AO 18 DE OUTUBRO DE 2025 NO MUSEO DE PONTEVEDRA (Expte. 2025054722)

O presidente dá conta da organización do IV Encontro de Museoloxía de ICOM-España, celebrado do 16 ao 18 de outubro de 2025 no Museo de Pontevedra, baixo o tema “Coleccións Almacenadas: (Re)definir e (Re)organizar. O Desafío da Sostibilidade Ambiental e Social” e coa colaboración entre a Deputación de Pontevedra, a través do Museo, e o Comité Español do Consejo Internacional de Museos.



A Deputación asumiu o compromiso de acoller a celebración deste encontro que implica un custe máximo estimado en quince mil catrocentos euros (15.400,00 €), correspondentes aos gastos derivados da xestión de organización, produción, dietas e traslados das persoas poñentes, participacións e publicacións de promoción, que se financiarán con cargo á aplicación 25/333.3340.226.06 – *Reunións e conferencias* e a súa vinculación ao Orzamento provincial para o ano 2025, tal como figura plasmado no convenio entre as partes implicadas, documento con CSV: 03M9ST96RQ7VSU3D. A inscrición realizouse mediante un formulario accesible dende a páxina web do Museo de Pontevedra e do ICOM-España, onde figuraba o programa e a cota de inscrición, estipulada entre os 30 € e os 70 € (segundo modalidade online, reducida ou xeral), incluíndo o transporte durante as visitas culturais.

5.- DAR CONTA DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS ÁS ENTIDADES CULTURAIS SEN FINS DE LUCRO PARA AS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO ANO 2025 (Expte. 2024084032)

O presidente dá conta da concesión de subvencións dirixidas ás entidades culturais sen fins de lucro para as actividades de dinamización da lingua galega do ano 2025, cuxa convocatoria foi publicada no BOPPO núm. 71, de 14 de abril de 2025, cun orzamento de 150.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/334.3340.489.05. Trala comprobación das solicitudes presentadas no prazo estipulado nas bases, resultaron admitidos 44 expedientes que figuran na relación con CSV: CZFD45DQH01URNDN cun importe global concedido de 112.182,07 € e quedaron excluídos 5 expedientes, correspondentes a entidades culturais sen fins de lucro que incumpriron algúns dos puntos estipulados nas bases e que figuran na relación con CSV: A96GTZ52AF7BGUFD.

6.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

